



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia	Matemáticas II (Semipresencial)	Curso	2º Bacharelato
Profesor/a	Rebeca Fraga Paz		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE	<p>Estudo de matrices. Clasificación e operacións. Aplicación na resolución de problemas.</p> <p>Determinantes. Propiedades elementais.</p> <p>Matriz inversa. Rango dunha matriz.</p> <p>Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais.</p> <p>Método de Gauss. Regra de Cramer. Aplicación á resolución de problemas.</p>
2º TRIMESTRE	<p>Vectores no espazo tridimensional. Operacións, base, dependencia e independencia lineal.</p> <p>Producto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.</p> <p>Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.</p> <p>Posicións relativas (incidencias, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos)</p> <p>Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes).</p> <p>Límite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade. Teorema de Bolzano.</p> <p>Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</p>
3º TRIMESTRE	<p>Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas para o cálculo de primitivas.</p> <p>Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow.</p> <p>Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.</p> <p>Sucesos. Operacións con sucesos. Aplicación da regra de Laplace. Axiomática de Kolmogorov.</p> <p>Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</p> <p>Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</p> <p>Teoremas de probabilidade total e Bayes. Probabilidades iniciais, finais e verosimilitude dun suceso.</p> <p>Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (funcións de densidade e distribución).</p> <p>Distribucións binomial e normal. Aproximacións.</p> <p>Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar. Detección de erros e manipulacións.</p>



AVALIACIÓN E RECUPERACIÓNS

En cada avaliación terase:

- Nota: media dos exames.
- A nota pode subir ou baixar ata un 30% segundo a actitude en clase e o traballo realizado.
- A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais, e a nota que vai no boletín corresponde ao seguinte redondeo:
 - Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
 - Noutro caso ao enteiro seguinte
- Farase unha *recuperación/subida de nota* por avaliación, que:
 - será despois da avaliación
 - a súa realización será recomendable (hai opción a subir nota)
 - incluirá toda a materia
 - en ningún caso baixará a primeira nota

A nota da segunda avaliación será, no boletín, a media da primeira e da segunda.

A nota da terceira avaliación será a media das tres, coincidindo así coa nota final de curso.

Cando a nota final de curso sexa inferior a 4,75 haberá un exame final de toda a materia, no caso que non superen esa nota, deberán presentarse ao exame de Setembro.

No caso de atoparnos nun escenario de confinamento a materia seguiría impartíndose de xeito non presencial, a través das canles xa utilizadas: videoconferencias, Classroom, Aula virtual, correo electrónico...

Se o confinamento se prolongara no tempo, contemplaríanse os seguintes cambios na programación:

- A nota media da avaliación calcularíase facendo unha media entre a nota dos exames (ao 50%) e a dos traballos realizados e enviados (ao 50%).
- Os exames non presenciais poderían ser a través da Aula virtual, utilizando ferramentas de videoconferencia, correo electrónico, ..., segundo se precise en cada caso.

O docente da materia avisaría ao alumando do cambio nos criterios de avaliación.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadrículado. Bolígrafo azul e/ou negro. Calculadora científica.
- Rexistro na Aula virtual
- Acceso a internet (moi recomendable)

.....CORTAR PORAQUÍ PARA ENTREGAR AO PROFESOR/A.....

O/a alumno/a:.....

Recibín a información que figura neste documento, referente aos contidos e a avaliación da Materia:

Matemáticas II (Adultos) para o curso 2020/2021.

Asdo: